

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/13	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de marzo de 2023
Duración	Dende as 13:23 ata as 13:30 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apellidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 23.03.2023

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 23 de marzo de 2023.



Expediente 606/2023. Devolución de aval**Favorable****Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

En data data 31.01.2018 con Rexistro de Entrada n.º 2018-E-RC-423 por Juan Miguel Aguilar Martín, en calidade de Director Xeral de ABS INFORMÁTICA, S.L. con C.I.F. B59383596 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de prestación de servizos denominado "POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROXECTO DE MODERNIZACIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA".

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 23/01/2009 acordouse a adxudicación do contrato de prestación dos servizos necesarios para a posta en funcionamento do proxecto de modernización do Concello de Silleda, por procedemento negociado sen publicidade, á empresa ABS Informática S.L. polo prezo de 54.310,3500 euros, máis 8.689,65 euros correspondentes o Imposto sobre o Valor Engadido.

Visto que, por ABS Informática, S.L., en data 07 de abril de 2009 procedeuse a constituir garantía definitiva mediante aval da Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución, S.A., por importe de dous mil setecentos quince euros con cincuenta e un céntimos (2.715,51 €), correspondete o 5% do importe de adxudicación do servizo denominado "POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROXECTO DE MODERNIZACIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA".

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval da Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución, S.A., por importe de dous mil setecentos quince euros con cincuenta e un céntimos (2.715,51 €), constituído por ABS Informática, S.L. como garantía do correcto cumprimento do contrato de servizos denominado "POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROXECTO DE MODERNIZACIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA".

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 1776/2022. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Aprobación de convocatoria e bases específicas para o proceso de quenda libre, promoción interna**Favorable****Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

Con data 9 de decembro de 2022 se publicaron no BOP os acordos de Oferta de emprego para 2022, aprobación definitiva da RPT e modificación do cadro de persoal.

Elaboradas as bases específicas para o proceso de quenda libre, promoción interna e emitido informe-proposta pola Secretaría.

A Xunta de Goberno Local , ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria e as bases de selección de persoal, nos termos en que figuran non expediente.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia, e na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Publicar un extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para ou cómputo do prazo de presentación de instancias.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

